

O 36 NA GALIZA

O seu libro sobre Benigno Andrade esgotouse nunha semana

Luís Lamela García,

‘Nas zonas do país onde actuou *Foucellas* considéranlo un heroi’

■ MANUEL VILAR

“Cuentos Peregrinos” de García Márquez era o libro chamado a ser a estrela e o máis vendido de todas as feiras do libro que tiveron lugar este verán no noso país. Na Coruña ese son do trópico veuse apagado por outro procedente dos montes de Cúrtis. Unha biografía sobre Foucellas esgotouse en seis días e na cidade da Coruña. Algo insólito no mercado do libro galego. O seu autor, un corcubionés que chegou ao estudo da Guerra Civil pescudando na historia da comarca fisterrá.

Como se explica este éxito, que razóns ve para que a xente devore un libro sobre o Foucellas?

Penso que foi a estrela da feira porque até o momento o que se leva escrito sobre a guerra civil e o máis é unha bibliografía baseada na transmisión oral e está distorsionada porque o personaxe, ao mitificarse, tamén se fantasea. O libro é unha obra de investigación levada a cabo nos arquivos militares. A rigorosidade que se supón ten esta documentación é, penso, o que motivou que se vendese en seis días. Dalgunha forma a xente está desexando saber o que realmente pasou porque até agora eran fantasías o que del se dicía.

Que aporta de novidoso sobre Benigno Andrade Foucellas?

A realidade deste home. Realmente de *Foucellas* díxéronse cousas que non foron verdade. Impúntanselle feitos e valores que non tiña. O libro fala da realidade concreta dun home que marchou ao monte pola intolerancia da época a agocharse para que pasase un certo tempo e poder voltar á casa. Despois de cerca de nove anos de estar no monte sen cometer nengun delito entra na guerrilla e loita contra o franquismo.

Cales foron os motivos que o fixeron fuxir para o monte?

Fora co-fundador da célula comunista de Cúrtis. A súa muller traba-



llaba na casa de Isabel Ríos e Manuel Calvelo e como este último quería formar a célula, pois levounos. Pero que lle fixo militar nun partido non foi a paixón política senón as obrigacións que tiñan coa familia que daba traballo á súa muller e que estaban, cultural e economicamente, moi por enriba deles e tiñanlle unha certa ascendencia.

Cando se inteiraron que o 18 de Xullo os militares se levantaban na Coruña, e por pedimento do goberno civil ao concello, e el por orde do alcalde e de Isabel Ríos, participa na requisa de armas ás xentes das dereitas e na convocatória aos paisanos á vila para que estivesen á expectativa do que pudesese pasar. Participa, tamén, na requisa de pólvora na estación de Teixeira e de camiións nos que se trasladaron deica A Coruña para enfrentarse aos militares. Pero chegan á Ponte da Pasaxe e Pepe Miñóns páraos, como parara a outra xente que procedía de Santiago, de Viveiro, etc., páraos e convénceos para que volvan para atrás, polo que non chegan a enfrentarse cos militares. Pero ao chegaren a Cúrtis cansos, con fame e desorientados van para as casas e teñen medo de que haxa sobre eles represalias, daquela escapan ao monte. Están no monte durante un certo tempo pensando que aquelas accións, que podían suceder contra as centes de esquerdas ou de sentimentos progresistas, como logo pasaron, pasasen pronto e poderen voltar tranquilamente. Non foi así e tiveron que permanecer agachados.

Benigno Andrade estivo sempre con carácter pasivo no monte e co afán de sobrevivir sen facer nada. Andaba só, xuntábase ás veces con outros compañeiros, pero normalmente andaba só. Até finais do ano 44 ou principios do 45 estivo como fuxido e durante eses nove anos non participou en acción nengunha. Traballou de cesteiro e, cando a presión da Garda Civil baixaba, traballaba, tamén, nos labores do campo axudando a familias labregas que lle axudaban tamén a el. Pero todas as acusacións que lle imputaron até esa data foron sobreesidas no ano que o colleron, no 52, porque non se probou que el tivese participado.

Iso non quer dicir que nalgún momento, para poder mal comer, realizase algun roubo ou acción dese tipo, pero non estaba organizado, era un fuxido-mendicante.

Por que cre que está tan mitificado?

Foucellas xa estaba mitificado no ano 39-40. Estaba mitificado porque había un gran interese por parte dos falanxistas e da Garda Civil do posto de Cúrtis en collelo, pois xa colleran aos seus compañeiros e como el era o máis significativo do grupo que faltaba, cunha certa ascendencia na vila debido a que era

Isabel Ríos co seu home Manuel Calvelo fusilado ao pouco de ser tomada esta fotografía. Ambos e dous captaron a Foucellas para o PCE.



persoa extrovertida e moi coñecida, dalgunha forma a Garda Civil quería collelo e así sinalar que na zona estaban aniquilados todos os esquerdistas significantes durante a República. É o último e tiñan que collelo á forza.

Tiña unha irmá que traballaba no cuartel da Garda Civil e sabía cando os gardas ian a un lado ou o outro. Foi criando un clima que lle deu sona. Ademais todo o que pasaba no monte (roubos, atracos, mortes), de todo lle puñan a culpa aínda que non fose el. Colleu fama polo interese da Garda Civil en collelo e por escapárselle das mans.

Esperando unha amnistía

Segundo vostede non era un home realmente politizado, daquela por que entra na guerrilla?

Entra na guerrilla no ano 45. Nos anos que levou escapado, até finais do 44, está sempre pendente de se ven unha amnistía para poder reintegrarse na sociedade. Ten entrevistas coa muller, —que logo esta confesa cando a deteñen e desterrana a Valladolid por axudarlle—, nas que Foucellas pregunta cando hai unha amnistía. El esperaba realmente unha amnistía que nunca lle chegou.

No ano 45 a amalgama de partidos da antiga Frente Popular trata de aproveitar a xente do monte e convertela en guerrilleiros. Esta xente empeza a vixiar ás familias dos escapados máis famosos ou máis coñecedores da zona onde se están escondendo, entre eles está Ponte, para atraelos, en parte porque non lle

‘Traballou de cesteiro e, cando baixaba, a presión da Garda Civil traballaba, tamén, nos labores do campo axudando a familias labregas’.

O 36 NA GALIZA

interesaba a esa organización que houbera escapados incontrolados que pudesen pór en perigo á infraestrutura guerrilleira que estaban montando. Pola influencia de Ponte e atopando que tras nove anos escapado non amañara nada na súa vida, decídese a entrar. Coido que non entra por conviccións políticas, senón porque a atitude pasiva contra o Réxime non lle vale de nada.

Entra na guerrilla, coa que nunca estivo moi de acordo, máis ben empuxado polas circunstancias da espera de nove anos e pola influencia e presión da organización que xa se estaba desenvolvendo.

Contoume un libreiro que ao seu posto se achegou xente vella para mercar o libro e cando lle dicitia que xa non o había puñan cara de circunstancias e comentaban: "home, eu veño desde Cúrtis [ou Teixeira ou Oza dos Rios] para comprar o libro". Por que ese interese dos vellos desa zona polo Foucellas?

Eu constatei que hai zonas xeográficas onde Foucellas é un heroi, a zona de Cúrtis, Ordes, Lalin, Soutelo. É un contrasentido que lle den tanta importancia posto que era un militante máis do movemento guerrilleiro, non foi dirixente até o ano 47 no que ten ao seu mando unha partida na zona de Pontevedra. Noutras zonas téñeno por un bandido, por un bandoleiro. Nas zonas nas que actuou as xentes coñecían os motivos polos que loitaban, mentres que nas que non actuaban as xentes só sabían da propaganda do Réxime, na que todo o que pasaba no monte era de foraxidos. Onde sabían del hai hoxe un gran interese por coñecer realmetne ao pesonaxe Foucellas.

'En contra da opinión de moita xente eles mataban, como norma xeral, ás xentes da que tiñan información de que eran paseadores'.

Que accións destacaría de Foucellas como guerrilleiro?

A maior xesta era o saber escapar. Participou en feitos militares e a súa agrupación matou algun falanxista. En contra da opinión de moita xente que pensaba que mataban porque si ou por roubar, eles mataban, como norma xeral, ás xentes da que tiñan información de que eran paseadores. Por exemplo: un caso no que el non participou pero si os compañeiros, na Coruña mataron no ano 46 a Arcadio Vilela, un xornalista do *Ideal* e ese mesmo ano tamén mataron a Manuel Doval, un empedernido falanxista de Cambre. Na guerrilla tiñan coñecimentos de que esa xente foran paseadores. Non mataban por matar, mataban aos que eran seus inimigos. Noutros casos, no que podían ser asaltos económicos, á xente que aínda que non tiñan as mans manchadas de sangue pero que se estaban beneficiando da cercanía do Réxime.



Benigno Andrade, o Foucellas.

Os que mataron chámanse falanxistas

Por que o interese por un tema como a Guerra Civil?

Porque non considero a guerra civil

como un tema marxinal. Cheguei a ela através de Miñóns. Eu estaba traballando en cousas da historia da comarca, cousa pouco tratada, e cheguei a Miñóns e a como o mataron na guerra. Agora estou a traballar sobre a represión na costa da Morte.

O director da fábrica de Carbuos Metálicos ten nos procesos de Cée informes terribes. Eduardo Garronet non matou, pero foi decisivo para a morte dos sindicalistas'.

Esa represión céntrase na figura de Miñóns ou é máis ampla?

A represión na Costa da Morte foi moito máis que o caso Miñóns, en Cée mataron a nove persoas, en Vianzo fusilaron a dous (un de Vianzo e outro da Ponte do Porto) e pasearon ao irmán do alcalde. En todos os concellos pasou algo, nuns máis e noutros menos. O máis importante foi, quizá, a cantidade de mortes que houbo en Cée que, dalgunha forma, quixeron facer desaparecer aos sindicalistas que había na zona.

Eu escoiteille a un vello de Cée a frase "aquí quen paseou foi Carbuos". Que hai diso?

O director da fábrica de Carbuos Metálicos ten nos procesos de Cée informes realmente terribes. Quizá tivese moita influencia sobre iso, pero houbo máis persoas que Eduardo Garronet, el non matou, informou, pero foi decisivo para a morte dos sindicalistas. Os que mataron chámanse falanxistas.

Pode haber algunha relación ou continuidade entre esas familias fascistas e os que hoxe ameazan aos alcaldes nacionalistas de Corcubión e Muxia?

Os fascistas eran os que tiñan o poder económicos máis o poder político, eran esas familias que saen no libro de Miñóns, algunhas de Muxia, outras de Corcubión, e que voltarán saír no libro sobre a represión. Non sei a relación que hai entre os de agora e os de antes, sei que algúns dos de agora seguen estando detrás do poder político nalgunha vila.

Por que os seus libros non están escritos en galego?

Non escribo en galego porque non sei. Eu son galego-falante pero considero que non sei escribelo e considero que xa teño moita idade para porme agora a aprender a escribelo. Non é por outros motivos. ♦

'Ser moderado e de esquerdas na sociedade en que se movía Pepe Miñones era moi difícil'

Cambiando un pouco de personaxe, no seu libro sobre Pepe Miñones dá a imaxe de que era un home bon e importante, mais na zona hai opinións de que tan só era un populista e que a política era un camiño para ensanchar os seus negocios.

Ten que haber opinións de moitas formas posto que Pepe Miñones é un personaxe realmente interesante. Non creo que entrase na política por beneficiarse. Xa de moi xoven, sen ter aínda esas ambicións económicas e empresariais, que despois se lle supoñen, vivía a política. Penso que Miñones antes que iso era un home utópico, claro que tiña que vivir e que tiña uns intereses económicos e eses intereses había que combinalos coa paixón política que tiña, pero na súa obra transcende moito beneficiar aos que teñen menos. Quizá os ricos non podan ser políticos por-

que teñen moitos intereses económicos. Miñones era rico e político, pero para min a súa paixón política empezou moito antes da paixón económica.

Pero podía facer política dun xeito populista como único camiño posíbel para ampliar os seus negocios, máxime cando os seus inimigos políticos eran tamén os económicos.

Hai que pensar que a Miñones cando o mataron, foi por intereses económicos... Pero de quen o mataron. As imputacións a Miñones son de persoas que están cegas e non ven o que fixeron os seus asasinios. Si, eran un empório en Corcubión, tiñan intereses no campo da emigración como tiñan todos os daquel tempo que tiñan poder e, quizá, a opción que tomou polas esquerdas fose porque a dereita estaba ocupada por esas familias que estaban enfrentadas ao seu

pai. Iso non quita que politicamente estando na dereita ou na esquerda fose unha persoa que defendese a opción progresista. Quizá aos vinte anos prevalecese a utopía, pero logo cando tes moito que defender ou, mellor dito, moito que conservar, quizá, se misturen os intereses.

Era Miñones un home de esquerdas?

Non, era un moderado. A acusación de *roxos* non vale para Miñones. Quería a mellora da sociedade pero sen traumatizar o sistema económico e social que había daquela. Era un home moderado e as acusacións que recibeu non se sustentan en nada.

Nunha carta que lle envía ao pai desde Madrid, cando estaba estudando, ali parece que a única ideoloxía que ten é a de colocarse ben.

Aí está como mensaxeiro do pai, pero sempre se move dentro do Partido Liberal e dentro deste na opción de centro-esquerda, fala de escoller a opción que máis lle interese a eles e á comarca. Ser moderado de esquerdas na sociedade na que se movía Miñones era moi difícil.

Mais nunca tivo un achegamento ao galeguismo?

Achegouse ao galeguismo. Estivo como representante do concello de Corcubión na asemblea de concellos galegos polo Estatuto. Logo, segundo di no proceso, estivo á marxe de toda campaña a prol do Estatuto, pero **hai** que pensar que na súa defensa dixó cousas para tratar de salvarse. Se di que se mantivo á marxe non quer dicir que fose así, porque si estaba en Madrid cando foi a presentación do Estatuto. Nos seus escritos vese un galeguismo moderado. ♦